



RESOLUCIÓN SOBRE A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MOBILIDADE DO PDI E DO PAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CON FINS DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ (STT) A PAÍSES ASOCIADOS: ALBANIA, ARXELIA, ARMENIA, AZERBAIÁN, BOSNIA-HERZEGOVINA, CAMBOIA, EXIPTO, XEORXIA, XORDANIA, KAZAXISTÁN, KOSOVO, MARROCOS, MOLDAVIA, MONTENEGRO, UCRAINA, MÉXICO. (ERASMUS+ ACCIÓN KA-107) Curso 2021/22

ANTECEDENTES

Con data 10/05/2021 publicouse a Convocatoria de bolsas de mobilidade para persoal da UDC, con fins de formación Erasmus+ STT con destino Albania, Arxelia, Armenia, Azerbaixán, Bosnia-Herzegovina, Camboia, Exipto, Xeorxia, Xordania, Kazaxistán, Kosovo, Marrocos, Moldavia, Montenegro E Ucraína, México (Erasmus+ Acción KA-107) Curso 2021/22.

Esta convocatoria financiase coas achegas orzamentarias da Comisión Europea (fondos Erasmus+ dos proxectos 2019-1-ES01-KA107-06399 e 2020-1-ES01-KA107-080818) con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

0800E72022.422D.48100 por un importe inicial de 3000,00€, para mobilidades do PDI.

0800E72022.422D.48200 por un importe inicial de 6740,00 €, para mobilidades de PAS.

Segundo a dita convocatoria: *Isto é así sen prexuízo de que estes importes poidan ser incrementados en función da dispoñibilidade orzamentaria*

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria rematou o 31 de maio de 2022. Por motivos de que hai prazas vacantes que aínda se poden xestionar, a vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, acorda un novo prazo de presentación de solicitudes desde o 28 de xuño ata o 15 de xullo de 2022.

Pilar García de la Torre

A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación